

peaxe
maría lado

o último sol desaparecía dourado no retrovisor, entre o fume das chemineas minúsculas da cidade. se non lle tivesen roubado a radio cando menos álvaro podería poñer música para non escoitarse maldicindo ó cabrón do seu xefe. nin ese clinclin de obxectos amontoados no asento traseiro que o atormentaba. agora a álvaro gustaríalle ter un inxenio coma o dos coches que lle limpase as bágoas. pero mellor así. seguro que poñían cancións tristes que lle recordaban a helena. e parecería aínda máis imbécil. mellor iría pola autopista. porque ameazaba con chover e o ceo tan gris... e pararía na cabina catro da peaxe para pendurarse da mirada doce da rapaza dos martes. álvaro pensaba que o seu sorriso podería botar o mundo a andar se este se detivese.

sen dúbida a calefacción estaba demasiado alta e álvaro suaba cando baixou o vidro. diríalle á rapaza doce dos martes que namorara do nome da cor dos seus ollos. que o día gris precisaba o seu sorriso coma un bálsamo. diríallo moi baixiño, para que sorrise, se ela non fora despedida aquela mesma tarde antes de rematar a súa quenda.

sen dúbida a calefacción estaba demasiado alta e álvaro demasiado canso cando comezou a chover no km 17. palidecera, si, pero o sorriso da rapaza do martes pegáraselle nos beizos.